

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE PRODUTORAS INDEPENDENTES DE LUGO "APRIL"

REÚNENSE

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Alfonso Díez Veiga con DNI número 33331107J , na súa condición de presidente da Asociación de Produtoras Independentes de Lugo "APRIL", con CIF G13747910 e domicilio social na rúa Rio Navia número 61, planta 6, porta D, do concello de Lugo con C.P. 27004 que actúa no nome e en representación da devandita asociación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle



corresponde á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e, tamén, a promoción, defensa e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

2. Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

3. Que as asociacións e demais entidades culturais e lingüísticas sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador e de promoción do uso da lingua galega nos diferentes ámbitos de acción. Concretamente, unha destas entidades é a Asociación de Produtoras Independentes de Lugo (no sucesivo APRIL) que ten como obxectivo principal defender os intereses do sector audiovisual lucense cun enfoque na promoción da cultura audiovisual de Lugo e a súa provincia, que inclúe, así mesmo, a promoción da lingua e a cultura galegas, tanto dentro como fóra das súas fronteiras.

4. Que APRIL é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo da Xunta de Galicia co nº 2023/025817-1, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e que pretende defender o sector audiovisual lucense, así como a representación individual e particular dos produtores e produtoras independentes asociados, cun enfoque na promoción da cultura audiovisual de Lugo e a súa provincia, incluíndo a promoción da



lingua e a cultura galega tanto dentro como fóra da súas fronteiras. Así mesmo procura promover, posicionar, fomentar e divulgar a lingua e cultura galega, con especial énfase na ampliación da presenza da lingua e cultura galega en todos os ámbitos e mercados nacionais e internacionais.

5. O noso idioma ocupa o posto 59 das linguas de internet e, na actualidade, ten menos peso na rede que o catalán e o éuscaro. No ano 2024, o catalán segue sendo a lingua cooficial de España con máis peso en sitios web. Esta circunstancia reflicte que a saúde das linguas, cando menos en internet, non depende só do número de falantes nativos que teña, senón, e sobre todo, depende do volume de produción de contidos. Neste contexto, a colaboración activa en eventos de promoción e comunicación masiva da cultura audiovisual en lingua galega é unha prioridade da Consellería competente en materia de cultura e lingua.

6. Que APRIL é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro comprometida coa análise do estado do sector audiovisual lucense co fin de motivar o seu desenvolvemento, para contribuír así, ao crecemento da cultura en xeral e da cultura audiovisual en galego en particular.

7. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola citada entidade que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia asociación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

8. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e APRIL teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua e a cultura galegas en diferentes ámbitos e tamén no eido da cultura audiovisual. Polo exposto, manifestan a súa vontade de colaborar, xa que para a consellería é de especial interese para o



fomento da lingua e da cultura galegas as actividades que desenvolve esta entidade en beneficio da cultura audiovisual.

Ambas as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2024, que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, e APRIL para a realización de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas no sector audiovisual.

Segunda.- Obrigas de APRIL

1. Mediante a sinatura deste convenio, preténdese promover as localizacións en Lugo como destinos para a produción audiovisual, contribuíndo á promoción da cultura e lingua galega.

April comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións durante o ano 2024:

- Creación dunha páxina web da asociación na que se inclúan as súas actividades e proxectos así como unha listaxe dos membros da mesma .
- Creación dun logotipo e imaxe corporativa para a asociación.
- Simposio/Xornada sobre as localizacións audiovisuais e como se verán afectadas polas novas tecnoloxías, tales como os estudos virtuais de nova xeración ou a intelixencia artificial.



2. Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

3. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

4 A Asociación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

5 Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

6 O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.



Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **12.000,00 €**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua colabora cun importe total de **11.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 43.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Asociación achegará a cantidade restante de **1.000,00 €** para a realización das actividades previstas no convenio.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, APRIL presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2024 a seguinte documentación:



- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse con facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregárase na Secretaría Xeral da Lingua un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:



- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A Secretaría Xeral da Lingua será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Asociación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da Lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.



O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por



incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, e dous representantes de APRIL. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e da cultura galegas.

Décimo Cuarta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo primeira.- Desagregación de datos por sexo.

En cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes, toda recollida de datos relativa ao convenio deberán incluír variables que posibiliten o coñecemento da diferente situación e os resultados en mulleres e homes separadamente. Esta cláusula será



aplicable para o caso de que se realicen estatísticas e/ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio.

Décimo quinta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo



1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José López Campos

O presidente de APRIL

Don Alfonso Díez Veiga

